

Camiño Noia Campos (2021): *Catalogue of Galician Folktales*. Helsinki: The Kalevala Society. FF Communications 322, 318 páxs.

Camiño Noia Campos, catedrática emérita da Universidade de Vigo, ten entre as súas liñas de investigación o estudo dos contos de tradición oral. Froito dese incansable labor de décadas de recollida de contos, transcripcións, comparacións, investigación e intercambios de ideas é o *Catalogue of Galician Folktales*, editado pola Folklore Fellows' Communications. Unha publicación en inglés que permite achegarse aos contos galegos e que facilita a súa comparación con outras áreas lingüísticas.

O catálogo reproduce o xa feito con anterioridade pola propia estudosa en dúas antoloxías, amais de en diversos artigos e comunicacións, onde amais de clasificar os contos, ilústraos con exemplos. Os dous volumes editados en galego, *Contos galegos de tradición oral* (2002) e *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía* (2010) permiten saber o lugar de onde procede cada conto e determinar se hai versións literarias en antoloxías de autor ou autora. Pódense ler versións de cada un deses contos catalogados e é así que ambos os dous volumes citados son tamén antoloxías da nosa tradición narrativa da oralidade. En canto á versión en inglés, esta amosa a procedencia e as variantes existentes, e non engade relatos enteiros, senón un resumo do conto tipo.

Nestes traballos, os contos clasifícanse segundo o catálogo internacional *The Types of International Folktales* feito por Antti Aarne e Stith Thompson (a última edición en 1963), e ampliado por Hans Jörg Uther na versión en tres volumes de 2004. Esta obra constitúe o índice que se debe seguir en calquera investigación sobre a narrativa oral das diferentes áreas lingüísticas. Nel están clasificados contos de animais, marabillosos, relixiosos, realistas, do ogro estúpido, chistes e anécdotas, amais de contos de fórmula de todo o mundo. Mais, hai certas carencias suplidas polos catálogos rexionais que achegan novos tipos. E neste sentido, cómpre salientar que Noia axuda a enriquecer o devandito catálogo internacional coas novas propostas de contos tipo que amplían o número de contos, en especial do apartado «Chistes e anécdotas» («Jokes and anecdotes»).

Este importante chanzo coloca a tradición narrativa galega de par das doutras áreas etnolingüísticas con máis presenza bibliográfica, posibilitando a súa divulgación en catálogos universais. Un dos obxectivos que se perseguen co libro, tal e como apunta a profesora Noia na introdución ao volume, onde explica que procura espertar o interese polo patrimonio literario oral para así mantelo e transmitilo, amais de proporcionar material de investigación para antropólogos, folcloristas, lingüistas e sociólogos.

En resumo, Camiño Noia consegue internacionalizar as letras galegas por medio da clasificación da tradición narrativa conservada desde a segunda metade do século XIX. Os séculos de historias agochadas nestes textos, noutrora transmitidos de boca en boca, dan forma e vida a un rico patrimonio. Rexístralo e estudalo é protexelo e espallalo, e deixar en herdanza as lembranzas dun pobo

que contaba a carón do lume da lareira, nos traballos na eira ou entre os fíos das redes de pescar.

Moncho Iglesias Míguez
monchoiglesiasmiguez@edu.xunta.gal